

Este texto é un fragmento da obra *Introdución á filosofía moral*, do filósofo estadounidense James Rachels, que é un autor dedicado fundamentalmente a tratar problemas propios da ética. No fragmento deféndese a tese de que non existen verdades universais en ética, é dicir, que carecemos dun criterio obxectivo para distinguir o correcto do incorrecto.

Poderíamos clasificar o fragmento como parte dunha disciplina filosófica, a ética. A ética é unha rama da filosofía que se ocupa do estudo da moral, isto é, das regras e normas que guían a conduta dos individuos e grupos.

O fragmento comeza expoñendo un relato que se pode atopar na *Historia* de Heródoto. Darío, rei de Persia, dérase conta de que gregos e calacios mantiñan importantes diferencias nos seus respectivos ritos funerarios: mentres que os gregos incineraban aos seus mortos, os calacios comíanos. Darío considerou que era importante coñecer as diferencias entre as diferentes culturas e, para ensinar esta lección, preguntou a gregos e calacios se estarían dispostos a cambiar o seu rito e adoptar o da outra cultura. Tanto os gregos como os calacios rexeitaron esta proposta.

Este relato é exposto para exemplificar e introducir a idea de que as “culturas diferentes teñen códigos morais diferentes”. Cada cultura mantén unha serie de regras de conduta, é dicir, un código moral. Deste modo, unha acción como a de incinerar aos mortos, que é considerada repulsiva polos calacios, pode ser vista como adecuada por outra cultura diferente. Existen, pois, certas diferencias na perspectiva dos diferentes grupos acerca do que é correcto e o que é incorrecto.

Segundo o autor, o feito de que as culturas difiran no que consideran correcto e incorrecto, pon de manifesto que non existen “verdades universais” en ética. Unha verdade universal é aquela que sería incuestionable para todo individuo en calquera circunstancia, como acontecería con verdades básicas das matemáticas como “ $2+2=4$ ”. No fragmento deféndese, por tanto, que todas as verdades en ética son relativas, polo que se trataría dunha postura que poderíamos chamar “relativismo ético”. Segundo esta perspectiva, non existiría un criterio obxectivo para xulgar se unha acción é correcta ou incorrecta. Cada persoa vive dentro do seu grupo cultural, e comparte inevitablemente con este grupo unha serie de consideracións sobre o que é correcto facer. E, segundo o relativismo ético, non sería posible sobrepoñerse á moral da propia comunidade e adoptar unha perspectiva imparcial dende a cal xulgar as prácticas dos demais grupos. O relativismo ético defende, en fin, que o ben e o mal son relativos á perspectiva de cada grupo ou cultura.

Finalmente, no texto afírmase que a moral de cada cultura se mantén unicamente grazas á transmisión interxeneracional: os antepasados ensinan aos seus descendentes as súas ideas sobre o correcto e o incorrecto. É grazas á tradición que os membros dunha comunidade adquiren un sentido moral. E, como se sinala no texto, a tradición “non se somete a verificación pola experiencia”. É dicir, a tradición non é posta en dúbida, non se intenta refutar, ao modo que acontecería nas ciencias. Ao contrario, acéptase acriticamente e non se cuestiona.

O relativismo ético é unha postura que, sen dúbida, ten os seus puntos fortes, pero non deixa de ter os seus inconvenientes. A principal vantaxe do relativismo é que pode servírnos para previrnos dunha actitude etnocéntrica, segundo a cal a nosa cultura sería a única válida, mentres que as demais culturas estarían radicalmente equivocadas en relación coa moral. Hai certas diferencias culturais que deberíamos respectar. No propio texto ponse un bo exemplo: deberíamos respectar que outra cultura leve a cabo os ritos funerarios que mellor lle parezan. Existen outras diferencias morais entre culturas que non deberíamos ter inconveniente en

respetar, por exemplo na alimentación. Os chinos comen cans, o que a un occidental lle pode parecer repulsivo pero, do mesmo modo, un musulmán pode considerar repulsivo o consumo de porco, ou un hindú o consumo de carne de vaca.

Porén, que aceptemos certas prácticas propias de outras culturas non quere dicir que teñamos que aceptar todas e cada unha das accións que se leven a cabo dentro doutro marco moral, como afirma o relativismo ético. Se aceptásemos o relativismo ético non poderíamos criticar, por exemplo, a ablación xenital feminina. Que algunhas prácticas non sexan obxectivamente correctas ou obxectivamente incorrectas, non quere dicir que aconteza o mesmo en tódolos casos. Hai certas verdades universais en ética, como que está mal mutilar o corpo das mulleres ou que está mal matar.

Por outra banda, no fragmento afírmase que a moral é relativa a cada cultura, como se todos os membros dun grupo compartisen os mesmos códigos. Pero isto non é certo, xa que dentro de cada cultura existen diferencias morais entre os individuos. As culturas non son bloques homoxéneos nos que todos pensen o mesmo, ao contrario, hai fortes desacordos dentro das mesmas.

En conclusión, a tese que se defende no texto, que non existen verdades universais en ética, non é correcta e aceptala ten consecuencias moi negativas. Como argumentei, o relativismo implicaría que non se poden criticar prácticas claramente incorrectas como a mutilación xenital. E, ademais, non é verdade que cada cultura teña unha soa moral, senón que hai diferencias entre os individuos que pertencen ao grupo. Con todo, é certo que debemos ter en conta que existen diferencias morais entre as culturas e algunhas desas diferencias deberían ser respectadas.